

CIRCULAR 5-2025.

NORMAS REGULADORAS PARA A RATIFICACIÓN DE RECORDS DE GALICIA.

1. DISPOSICIÓN XERAIS

O presente regulamento ten por obxecto difundir os criterios establecidos pola Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo (en diante FGA) para o recoñecemento, aprobación e ratificación dos Récords de Galicia .

- 1.1 Entenderase por **Récord de Galicia** todo rexistro acadado que iguale ou mellore o récord (ou a mellor marca, se é o caso) xa existente para esa proba, sempre que se cumpran plenamente os requisitos normativos e regulamentarios establecidos por este regulamento, e todos aqueles que sexan de aplicación (por exemplo, o regulamento de competición e técnico da RFEA e/ou de World Athletics).
- 1.2 Un Récord de Galicia igualado terá o mesmo status que o Récord de Galicia actual.
- 1.3 A FGA utilizará exclusivamente a denominación oficial **Récord de Galicia** nos seus documentos e publicacións en todos os medios existentes, e non deberá utilizar ningunha outra denominación.
- 1.4 A denominación **Récord de Galicia** non poderá ser utilizada pola FGA, nin por ningún organizador dunha competición autonómica, para nomear as melhores marcas da historia naquelhas probas non consideradas Récord de Galicia segundo estas normas reguladoras.
- 1.5 Para ser recoñecidos oficialmente pola FGA, as marcas obtidas en competicións fóra do territorio autonómico deberán obterse nas competicións organizadas segundo o Regulamento da RFEA e/ou de World Athletics vixente. A propia RFEA e/ou World Athletics, unha das súas Asociacións de ÁREA ou Federacións Membros deberán ter ratificado oficialmente os resultados.
- 1.6 Para a ratificación dun Récord de Galicia hai que ter en conta o principio básico de protección ao deportista que o posúa nese momento, ao que o acaba de acadar e aosdeportistas que poidan obtelo no futuro.
- 1.7 Non se recoñecerán, para ningún tipo de efectos ou consecuencias clasificatorias, as marcas ou resultados obtidos en eventos ou actividades que non estean incluídas no calendario internacional (World Athletics, European Athletics e unha Federación Membro), nacional (RFEA) ou autonómico.
- 1.8 Só se recoñecerán os Récords de Galicia cando estes rexistros fosen obtidos por un atleta (ou atletas no caso dunha proba de relevos), que posúa a nacionalidade española e estea en posesión da licenza anual en vigor da FGA para a tempada na que se realizou devandito rexistro.

No caso dos rexistros logrados por atletas con nacionalidade española pero que non poidan representar a España en competicións internacionais, poderán considerarse como Récords de Galicia a condición de que renunciasen formalmente a representar a outro país perante World Athletics para poder competir representando a España nun futuro.

1.9 A FGA unicamente recoñecerá como Récord de Galicia os que fosen ratificados segundo o procedemento descrito no apartado 4 deste documento.

2. CONDICIÓN XERAIS

2.1 Criterios de validez

2.1.1 O Récord de Galicia debe terse conseguido nunha competición celebrada de boa fe, que fose debidamente organizada, anunciada e autorizada pola FGA, ou por calquera federación membro de cuxo país ou territorio se desenvolva a proba, e realizada de conformidade co e en cumprimento do Regulamento de Competición World Athletics.

2.1.2 A competición na que se obteña o récord deberá figurar no Calendario oficial da FGA, World Athletics, European Athletics, RFEA e/ou Calendario oficial dalgunha outra Federación Autonómica. O programa de competición deberá ser publicado e difundido polo menos 48 horas antes da súacelebración.

2.1.3 A FGA acepta e recoñece como rexistros as probas descritas no cadro que se achega a este documento nos anexos I e II.

2.2 Criterios de participación

2.2.1 Para unha marca ou rexistro acadado nunha competición e/ou proba (recoñecida como válida como Récord de Galicia), establecense os seguintes criterios mínimos de participación:

- **Probas Individuais:** Tanto para as probas en pista como nas probas en ruta é necesario que na devandita proba teñan participado polo menos tres deportistas, de boa fe.
- **Proba de relevos:** É necesario que teñan participado polo menos dous equipos, e polo menos tres deportistas no resto de probas individuais.

Quedan exentos deste requisito todas as marcas obtidas nos Campionatos de España e nos Campionatos Autonómicos Oficiais, tanto en probas individuais como en relevos, admitíndose todas as marcas como válidas independentemente do número de participantes.

2.2.2 Excepto nas probas de competición realizadas segundo a Regra 9 do Regulamento Técnico World Athletics, e as competicións celebradas fóra do estadio de acordo coas Regras 54 e 55 do Regulamento Técnico World Athletics, ningún resultado obtido por un atleta será ratificado se foi logrado nunha competición mixta.

2.2.3 Excepcionalmente, de acordo co Regulamento World Athletics, poderán admitirse as marcas acadadas nas probas de 5.000 m e 10.000 m nos casos en que non existan suficientes atletas dun ou de ambas categorías de sexo competindo para xustificar a celebración de carreiras separadas, sempre que non se proporcione asistencia por

un(s) atleta(s) dunha categoría de sexo a un(s) atleta(s) de outra categoría de sexo diferente, mellorandoou marcando o ritmo de carreira deste último.

2.2.4 Para a especialidade de carreiras en ruta establecense dúas listas diferenciadas de Récords de Galicia na categoría femenina:

- Récords acadados en carreiras de participación mixta (participación de homes e mulleres simultaneamente).
- Récords acadados en carreiras nas que só participan mulleres.

Para que unha proba se considere que non é de participación mixta, a saída da proba de categoría feminina deberá ter lugar polo menos 15 minutos antes da proba de categoría masculina.

3. CONDICIÓNÉS ESPECÍFICAS.

3.1 Probas de pista

3.1.1 A marca deberá estar establecida nunha instalación deportiva homologada pola RFEA.

3.2 Carreiras e probas de marcha

3.2.1 As marcas deben ser cronometradas por cronometradores oficiais, por un sistema de cronometraxe totalmente automático aprobado (para o que se realizou unha comprobación cero de acordo coa regra 19.19 do Regulamento técnico de World Athletics) ou por un sistema de cronometraxe (ver Regla 19.24 do Regulamento Técnico de World Athletics) que cumpran co Regulamento Técnico World Athletics.

3.2.2 Na táboa dos anexos I e II detállanse os requisitos relativos ao sistema de cronometraxe válido segundo as distintas probas para a ratificación de récords.

3.2.3 Para a ratificación dun Récord de Galicia tomarase a información existente sobre a velocidade e dirección do vento nas probas de 50 m, 60 m, 100 m, 200 m, 50 m valados, 60 m valados, 100 m valados, 110 m. valados, tanto en probas individuais como en probas combinadas, cando proceda.

3.2.4 Permitease a un mesmo atleta obter varias marcas consideradas como Récords de Galicia nunha mesma carreira.

3.2.5 Non se ratificará un récord nunha distancia máis curta se o atleta non rematou a distancia completa da carreira.

3.3 Probas de marcha :

3.3.1 No caso de probas de marcha, tanto en pista como en ruta, se o récord se establece nunha proba celebrada en España, polo menos tres dos xuíces que formen parte do xurado da proba de marcha deberán estar incluídos nos paneis de xuíces de marcha da RFEA.

3.3.2 A normativa vixente e/ou directrices da FGA (CGX) e da RFEA (CNJ) determinará o número de xuíces de marcha que deberán actuar en cada competición para que os récords sexan válidos.

3.4 Probas de concursos

3.4.1 Nas probas de salto de lonxitude e triplo salto celebradas en pistas ao aire libre, os resultados incluirán información sobre a velocidade do vento, medida segundo o indicado nas Regras 29.10 a 12 do Regulamento Técnico World Athletics. Se a velocidade do vento medida na dirección do salto supera a media de 2 metros por segundo, o récord nonserá ratificado.

3.4.2 Máis dunha marca nunha competición pode ser recoñecida como Récord de Galicia, sempre que cada Récord de Galicia ratificado fose igual ou superior á mellor marca con anterioridade a ese momento.

3.4.3 Nas Probas de Lanzamentos, o artefacto empregado deberá estar controlado antes da Competición segundo o Regulamento de Competición World Athletics e as actas de dito control poderán ser requiridas para a súa comprobación polo Comité Galego de Xuíces (en diante CGX) despois da competición.

3.5 Probas combinadas.

3.5.1 Para a ratificación dun Récord de Galicia de Probas Combinadas teranse que cumplir as condicións establecidas no Regulamento Técnico World Athletics en cada unha das probas individuais. Ademais, naquelhas probas nas que se requira medir a velocidade do vento, a velocidade media (a partir da suma alxébraica das velocidades do vento medidas en cada proba individual, dividida polo número de ditas probas) non superarán 2 metros por segundo positivo.

3.5.2 Para os récords acadados en probas combinadas celebradas na Pista Curta, só se recoñecerán como Récords de Galicia aquelas nas que todas as probas de carreiras se celebrasen nunha pista destas características.

3.6 Carreiras en ruta.

3.6.1 Nas probas en ruta que se celebren en España, o percorrido deberá estar homologado e vixente pola RFEA e a carreira deberase realizar no circuíto homologado.

3.6.2 Os puntos de saída e chegada dun percorrido, medidos nunha liña recta teórica entre eles, non estarán separados por máis do 50% da distancia da carreira.

3.6.3 A diminución total de altitude entre a saída e a chegada non superará a media de 1:1.000, édicir, 1 mporkm(0,1%).

4 PROCEDEMENTO DE RATIFICACIÓN

- 4.1 Os Récords de Galicia ratificaranse automaticamente, con carácter provisorio, coa publicación dos resultados da competición, ou tan cedo como dito rexistro estea en poder da FGA.
- 4.2 A FGA poderá actualizar o rexistro de Récords de Galicia na súa páxina web e/ou difundir a consecución dos ditos récords inmediatamente despois da competición, pero isto non implicará a súa ratificación definitiva.
- 4.3 A ratificación definitiva producirase transcorridos 3 meses dende a consecución da marca se non houbese reclamación ou solicitude de información, seguindo o procedemento descrito nos puntos 4.4 e 4.5 destas normas reguladoras.
- 4.4 O CGX poderá requirir calquera información necesaria para a comprobación da validez da marca, en función dos requisitos establecidos neste documento, se así o considera oportuno, de oficio, ou a petición da Xunta Directiva ou da Secretaría Xeral da FGA. Neste caso, a CGX achegará un informe ao Presidente e á Secretaría Xeral da FGA para que tomen a decisión definitiva sobre a ratificación do récord.
- 4.5 En caso de dúbida sobre se procede ou non ratificar o récord, o caso elevarase á Xunta Directiva da FGA paraque decida.
- 4.6 De non ratificarse o resultado, a Secretaría Xeral deberá explicar e xustificar os motivos, comunicárselles aos interesados e ao departamento de Estatística da FGA retirará a marca do rexistro de Récords de Galicia da páxina web e de calquera outro medio de comunicación oficial.

5. DISPOSICIÓN FINAIS

- 5.1 O Departamento de Estatística da FGA actualizará as listas de récords publicadas na páxina web co fin de adaptalas a estas normas reguladoras.
- 5.2 Os Récords ou marcas que non cumpran estas normas reguladoreas poderán manterse nunha lista alternativa, sen consideración de Record de Galicia, a efectos históricos.
- 5.3 Estas normas reguladoras non eximen da facultade da FGA de manter un rexistro de mellores marcas naquelhas probas ou categorías nas que non se recoñezan Récords de Galicia, a efectos informativos.

Estas normas reguladoras foron aprobadas pola **Asemblea Xeral** o 14 de decembro de 2024 e entrarán en vigor inmediatamente despois da súa aprobación tras difundirse mediante circular da FGA.

ANEXO I. PROBAS E CATEGORÍAS PARA AS QUE SE RECOÍECEN RÉCORDS DE GALICIA.

PC: Pista Curta / Short Track

| PROBA | ABS. HOM. | ABS. MULL. | S-23 HOM. | S-23 MULL. | S-20 HOM. | S-20 MULL. | S-18 HOM. | S-18 MULL. | S-16 HOM. | S-16 MULL. | CRON. |
|--|---------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|-------|
| Carreiras | 50 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | E |
| | 60 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | E |
| | 100 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | E |
| | 200 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E |
| | 200 m PC | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E |
| | 300 m | · | · | · | · | · | · | · | ✓ | ✓ | E |
| | 300 m PC | · | · | · | · | · | · | · | ✓ | ✓ | E |
| | 400 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E |
| | 400 m PC | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E |
| | 600 m | · | · | · | · | · | · | · | ✓ | ✓ | E |
| | 600 m PC | · | · | · | · | · | · | · | ✓ | ✓ | E |
| | 800 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E |
| | 800 m PC | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E |
| | 1.000 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | ✓ | ✓ | E / M |
| | 1.000 m PC | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | ✓ | ✓ | E / M |
| | 1.500 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E / M |
| | 1.500 m PC | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E / M |
| | Milla | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | · | E / M |
| | Milla PC | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | · | E / M |
| | 2.000 m | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E / M |
| | 3.000 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | E / M |
| | 3.000 m PC | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | E / M |
| | 5.000 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E / M |
| | 5.000 m PC | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | · | E / M |
| | 10.000 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | · | E / M |
| | 1 hora | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E / M |
| Carreiras de valados e obstáculos | 50 m valados | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | E |
| | 60 m valados | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | E |
| | 100 m valados | · | ✓ | · | ✓ | · | ✓ | · | ✓ | ✓ | E |
| | 110 m valados | ✓ | · | ✓ | · | ✓ | · | ✓ | · | · | E |
| | 300 m valados | · | · | · | · | · | · | · | ✓ | ✓ | E |
| | 400 m valados | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E |

| PROBA | ABS. HOM. | ABS. MULL. | S-23 HOM. | S-23 MULL. | S-20 HOM. | S-20 MULL. | S-18 HOM. | S-18 MULL. | S-16 HOM. | S-16 MULL. | CRON. |
|-------------------|------------------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|-----------|
| Concursos | 1.500 m obstáculos | - | - | - | - | - | - | - | ✓ | ✓ | E / M |
| | 2.000 m obstáculos | - | - | - | - | - | ✓ | ✓ | - | - | E / M |
| | 3.000 m obstáculos | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | - | - | - | - | E / M |
| Probas Comb. | Salto de Altura | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | n/a |
| | Salto con Pértiga | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | n/a |
| | Salto de Lonxitude | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | n/a |
| | Triplo Salto | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | n/a |
| | Lanzamento de Peso | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | n/a |
| | Lanzamento de Disco | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | n/a |
| | Lanzamento de Martelo | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | n/a |
| | Lanzamento de Xavalina | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | n/a |
| Probas de Marcha | Pentatlón PC | - | ✓ | - | ✓ | - | ✓ | - | - | ✓ | E |
| | Hexatlón | - | - | - | - | - | - | - | - | ✓ | E |
| | Hexatlón PC | - | - | - | - | - | - | - | ✓ | - | E |
| | Heptatlón | - | ✓ | - | ✓ | - | ✓ | - | - | - | E |
| | Heptatlón PC | ✓ | - | ✓ | - | ✓ | - | ✓ | - | - | E |
| | Octatlón | - | - | - | - | - | - | - | ✓ | - | E |
| | Decatlón | ✓ | ✓ | ✓ | - | ✓ | - | ✓ | - | - | E |
| | 3.000 m | - | - | - | - | - | - | - | - | ✓ | E / M |
| | 3.000 m PC | ✓ | - | - | - | - | - | - | - | - | E / M |
| | 5.000 m | - | - | - | - | - | ✓ | ✓ | ✓ | - | E / M |
| | 5.000 m PC | ✓ | - | - | - | - | - | - | - | - | E / M |
| | 5 km | - | - | - | - | - | - | ✓ | ✓ | ✓ | E / M / T |
| | 10.000 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | - | - | - | E / M |
| Carreiras en Ruta | 10 km | - | - | - | - | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | - | E / M / T |
| | 20.000 m | ✓ | ✓ | - | - | - | - | - | - | - | E / M |
| Carreiras en Ruta | 20 km | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | - | - | - | - | - | E / M / T |
| | 30.000 m | ✓ | - | - | - | - | - | - | - | - | E / M |
| Carreiras en Ruta | 35.000 m | ✓ | ✓ | - | - | - | - | - | - | - | E / M |
| | 35 km | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | - | - | - | - | - | E / M / T |
| Carreiras en Ruta | 50.000 m | ✓ | ✓ | - | - | - | - | - | - | - | E / M |
| | 50 km | ✓ | ✓ | - | - | - | - | - | - | - | E / M / T |
| Carreiras en Ruta | Milla | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | - | - | - | E / M / T |

| PROBA | ABS. HOM. | ABS. MULL. | S-23 HOM. | S-23 MULL. | S-20 HOM. | S-20 MULL. | S-18 HOM. | S-18 MULL. | S-16 HOM. | S-16 MULL. | CRON. |
|-------------------------|----------------------------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|--------------|---------------|-----------|
| Carreiras de remudas | 5 km | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E / M / T |
| | 10 km | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | · | E / M / T |
| | Medio Maratón | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E / M / T |
| | Maratón | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E / M / T |
| | 50 km | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E / M / T |
| | 100 km | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E / M / T |
| | Remuda en ruta (42.195 km) | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E / M / T |
| Carreiras de remudas | 4 x 100 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | E |
| | 4 x 200 m | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E |
| | 4 x 200 m PC | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E |
| | 4 x 300 m | · | · | · | · | · | · | · | ✓ | ✓ | E |
| | 4 x 400 m | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | ✓ | · | · | E |
| | 4 x 400 m PC | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E |
| | 4 x 400 m Mixto* | | ✓ | | | | | | | | E |
| | 4 x 400 m PC Mixto* | | ✓ | | | | | | | | E |
| | 4 x 800 m | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E / M |
| | 4 x 800 m PC | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E / M |
| | 4 x 1500 m | ✓ | ✓ | · | · | · | · | · | · | · | E / M |

ANEXO II. PROBAS E CATEGORÍAS PARA AS QUE SE RECOÍECEN RÉCORDS DE GALICIA EN CATEGORÍA MÁSTER.

A FGA recoñecerá como Récord de Galicia Máster todas as marcas en probas e categoríasnas que a RFEA recoñeza Récords de España.

A Coruña, a 2 de xaneiro de 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo